



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001863

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Organización de actividades municipais nas parroquias)**

Vista a proposta efectuada pola Concellería de Turismo, Promoción Económica e Participación Cidadá con data 19 de setembro do presente ano, pola que se solicita aprobación das bases de participación das actividades socioculturais e deportivas municipais (Pilates, Zumba e Ioga) 2024-2025, **RESOLVO:**

- 1.- Prestar aprobación ás bases que de achegan a continuación.
- 2.- Ordear a súa publicación na páxina web do Concello, nos taboleiros municipais do Concello, Casa da Cultura e na Oficina da Xuventude.-

## **BASES REGULADORAS DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DEPORTIVAS (PILATES, ZUMBA E IOGA). CURSO 2024-2024.**

### Artigo 1º.-Obxeto.

O programa de actividades que organiza a concellería de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá do Concello de Sada a través da realización de prácticas deportivas dirixidas á poboación adulta ten como obxectivo a promoción de hábitos de intervención saudables e terapéuticos ademais de fomentar a participación social no tempo libre.

### Artigo 2º.-Actividades a realizar.

- Pilates
- Zumba
- Ioga

### Artigo 3º.-Destinatarios/as. Veciños/as de Sada.

### Artigo 4º.-Requisitos.

Estar empadroad/a no Concello de Sada. Non ter débedas pendentes cos servizos económicos municipais. Poderá ser subsanada a débeda correspondente tendo que realizala antes do prazo de pagamento e sempre que haxa prazas vacantes.

### Artigo 5º.- Temporalización e lugar de realización.

As actividades socioculturais e deportivas comezarán o luns día 14 de outubro de 2024 e finalizarán o día 30 de xuño 2025.

- Horario: De luns a venres (2 horas semanais). Haberá interrupción das actividades nos períodos vacacionais:
  - Nadal (do 24 de decembro ata o 6 de xaneiro)
  - Entroido (luns e martes de antroido)
  - Semana Santa (toda a semana).

\*Neste período de inactividade polo período vacacional non se contempla a redución do pago da mensalidade.

### -Lugar de realización das actividades socioculturais e deportivas:

Centros culturais das parroquias.

O Concello de Sada reservase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado etc., que se consideren necesarias, ou anular algunha actividade por motivos organizativos.

### Artigo 6º.- Inscripción para participar nas actividades socioculturais e deportivas.

As persoas interesadas en participar nas actividades deberán realizar a súa inscrición a través do formulario on-line habilitado na web municipal [www.sada.gal](http://www.sada.gal)., (AnexoI) ou nas oficinas da Concellería de Turismo,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Promoción Económica e Participación Cidadá, sitas no 3º andar do edificio administrativo da Avda. Da Mariña nº25.-

#### Artigo 7º.- Prazos.

O prazo ordinario de pre-inscrición será do 27 de setembro ao 4 de outubro de 2024 (ambos inclusive). Calquera inscrición realizada fóra deste prazo non será admitida.

A publicación da listaxe provisional de admitidos e de agarda, será o 8 de outubro de 2024. Elaborada a listaxe de admitidos con praza, abrirase un prazo para formalizar o pagamento que será do 8 de outubro ao 14 de outubro (inclusive). Este pago realizarase mediante carta de pagamento que poderá tramitarse na oficina virtual tributaria do concello <https://ovtsada.dacoruna.gal/ga/150757/ASADA/tasas>.

A non formalización do pagamento neste prazo suporá a renuncia da praza, pasando o dereito ao seguinte en listaxe de agarda.

Prazo extraordinario de inscrición: Ao longo do curso sempre que haxa dispoñibilidade de prazas e a concellería considere que se pode incorporar novo alumnado, poderá solicitarse a inscrición. Neste caso, os participantes deberán axustarse aos períodos de pagamento establecidos no artigo 10 das presentes bases e realizar a súa inscrición nas datas sinaladas.

#### Artigo 8º.- Solicitudes fóra de prazo.

Aquelas solicitudes presentadas fora do proceso inicial, iranse incorporando á listaxe de agarda correspondente. Cando queden prazas vacantes chamarase as persoas da listaxe de agarda, segundo o orden establecido na mesma.

As persoas que acepten a praza deberán formalizar a mesma a través do pagamento correspondente segundo o procedemento que se establece nestas bases.

#### Artigo 9º.- Sorteio público e grupos de actividades a realizar.

Para que as actividades socioculturais e deportivas se poidan levar a cabo terá que haber un mínimo de 8 solicitudes no momento da preinscrición. O máximo de alumnos para participar nas actividades en ningún caso poderá exceder de 12 participantes.

Naquelas actividades onde a demanda sexa superior a oferta, será preciso realizar un sorteo. O sorteo público, de ser o caso, terá lugar o día 7 de outubro ás 10:00 horas no terceiro andar do edificio administrativo do Concello de Sada.

#### Artigo 10º.-Prezos e períodos de pagamento:

Os prezos de aplicación para os/as participantes nas actividades socioculturais e deportivas 2024-2025 serán os que se establezan no informe de prezo público previa aprobación dos Servizos Económicos Municipais.

Establécense os seguintes prazos de pagamento:

O alumnado participante con praza realizará o pagamento das cuotas de forma trimestral. 1º Trimestre (outubro, novembro, decembro) O alumnado con praza deberá realizar o pagamento entre os días 8 de outubro ao 14 de outubro (ambos inclusive).

2º Trimestre: (xaneiro, febreiro, marzo) O alumnado deberá realizar o pagamento entre os días 18 e 24 de decembro (ambos inclusive).

3º Trimestre: (abril, maio, xuño) O alumnado deberá realizar o pagamento entre os días 18 e 24 de marzo (ambos inclusive).

#### Artigo 11º.- Baixa na actividade.

A baixa na actividade deberá presentarse OBRIGATORIAMENTE no rexistro municipal a través do formulario de solicitude xeral. Non se considerará baixa na actividade si o/a alumno/a comunica de palabra ao docente que non vai seguir asistindo ao curso.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Anexo I.- Formulario de inscrición.-

## ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SADA 2024-2025

Concellería de Turismo, Promoción Económica e Participación Cidadá

**IMPORTANTE:** Actividades destinadas a persoas empadroadas no Concello de Sada.

Antes de cubrir este formulario é preciso que revise as bases de participación que poden consultarse en [www.sada.gal](http://www.sada.gal).

- Apertura do prazo de inscrición: venres 27 de setembro
- Peche do prazo de inscrición: venres 4 de outubro.
- Inicio das actividades: Luns 14 de outubro.

Nome:

Apelidos:

Dni:

Idade:

Enderezo de empadroamento:

Teléfono de contacto:

As actividades realizaránse nas Casas do Pobo de cada Parroquia. -

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.